



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Integridade e prevención na contratación pública

CONVOCATORIA: IEP, 2ª convocatoria

GRUPO: Economía Pública (Formación Continua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/06/2026 - 09:00h ao 12/06/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso pretende focalizar a atención no papel primordial que outorga a LCSP na loita contra a corrupción e o obxectivo da integridade nos procedementos de contratación pública, como o pon de manifesto o propio lexislador ao incluír, por primeira vez e de maneira expresa, o principio de integridade no articulado e entender como un dos seus obxectivos principais o de lograr unha maior transparencia e integridade nas actuacións. A actual normativa esixe unha transformación da contorna de compra pública que pasa necesariamente por adoptar un rol activo na materia, por parte das entidades adxudicadoras e das persoas participantes no proceso de contratación; e aprender como xestionar os riscos das distintas fases dun procedemento de licitación ata a finalización mesma do contrato.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional de Galicia, das entidades locais e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

PROGRAMA

1. Chaves máis significativas da contratación pública. Referencia ás novidades máis significativas da LCSP. Docente: Patricia Iglesias Rey.
2. Confección dos pregos de cláusulas administrativas. Cautelas que haberá que ter en conta sobre elementos estruturais na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares. Docente: Manuel Cutrín Domínguez.
3. Cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas particulares sobre selección do contratista. Os criterios de adxudicación na LCSP. Identificación das principais patoloxías detectadas na fase de preparación e selección. Docente: María Isabel García Garrido.
4. A fase de adxudicación do contrato. Principais problemas que se presentan nas mesas de contratación ata a adxudicación do contrato. Doutrina contractual dos tribunais de recursos contractuais e das xuntas consultivas. Docente: Guillermo Tato González
5. Integridade, bo goberno e técnicas de compliance na xestión de riscos na contratación pública. O papel do Consello de Contas de Galicia na prevención da corrupción. Os plans de medidas antifraude. Docente: Patricia Iglesias Rey.
6. O programa de integridade no sector público autonómico. Compromisos e obxectivos. Docente: Patricia Brión Cabanelas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Crerios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 05/10/2026 a 28/10/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 02/11/2026 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE